

CONCLUSIÓN

XXIII ENCONTROS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

25 E 26 DE OUTUBRO E 4 DE NOVEMBRO DE 2021



A partir das intervencións das persoas convidadas (sexa en vídeo sexa na xornada presencial) e dos debates, preguntas e comentarios realizados polas e polos participantes tanto en directo coma a través das redes, a Comisión Técnica do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia, organizadora dos XXIII Encontros para a Normalización Lingüística (*Desde o berce: a transmisión interxeracional da lingua galega*), elaborou este documento conclusivo que cre pertinente facer de dominio público.

Como ben apuntou Paula Kasares na súa intervención, a transmisión dun idioma ás seguintes xeracións non é un fin en si mesmo, senón o medio polo que se quere asegurar a continuidade desa lingua ao longo das xeracións. Así mesmo, a transmisión non debe ser entendida unicamente como un mecanismo vertical desde as persoas adultas cara ás crianzas, senón que se deben ter en conta todos os procesos de socialización, especialmente a comunicación horizontal entre iguais.

En contextos sociolingüísticos como o galego, a transmisión da lingua no núcleo familiar non é condición suficiente para garantir o obxectivo da continuidade xeracional. Cómpre que se empregue e se transmita tamén nos outros contextos que rodean os nenos e nenas no seu proceso de adquisición e desenvolvemento lingüístico (na súa *socialización lingüística*): fundamentalmente o escolar e o social (que en boa medida coincide co do lecer).

A estes tres ámbitos dedicáronse *grosso modo* tres das sesións temáticas destes Encontros, e en todas elas foron xurdindo, de xeito reiterado, problemáticas transversais.

Practicamente todos os e as participantes puxeron enriba da mesa o **escaso apoio que reciben das administracións públicas**, nomeadamente da autonómica. Un apoio que, segundo se afirmou nas mesas “Crianza natural” e “Lecer en galego”, non debería ser só económico, senón que debería estenderse a promover a elaboración de novos recursos que fomenten o galego, a difundir os xa existentes e a planificar e coordinar estratexias e plans de intervención.

No ámbito escolar conséntase que o sistema público non aposta pola promoción explícita do galego, nin a través da rede de escolas infantís públicas de Galicia (Galiña Azul) na etapa 0-3, nin a través do ensino regulado pola Consellaría de Educación na etapa 3-6. A Administración opta por unha equidistancia, que se plasma no Decreto 79/2010, cuxo artigo 5.1¹ se reproduce no Regulamento da rede A Galiña Azul, ou nun “deixar facer” que sitúa a cuestión lingüística “fóra da axenda”. Nun contexto así, a promoción do galego nestas etapas queda da man do voluntarismo e da profesionalidade persoal de determinados docentes.

Esta desidia da Administración é vivida polas familias con reaccións que van desde a indiferenza ata a frustración, como expuxo Anik Nandi na súa intervención, ou como se detecta nas entrevistas a familias que se realizan no marco do proxecto Apego.

1 Artigo 5º.- Educación infantil.

1. Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo.

Outros grupos de familias, minoritarios no cuantitativo pero moi relevantes no cualitativo, optaron por pasar á iniciativa e crear sistemas de ensino comunitarios ou de xestión cooperativa, representados nestes Encontros polas Escolas Semente. Nelas óptase pola inmersión en galego e por ofrecer un contexto de actividades de formación e recreo nesta lingua, que consegue que nenos e nenas das grandes áreas urbanas manteñan –e mesmo incorporen– o galego como lingua primeira da súa vida diaria.

Outro dos asuntos que apareceu de forma recorrente nas distintas sesións foi o papel que o **activismo e a acción voluntaria** teñen que xogar nas actuacións que promoven a socialización lingüística en galego. Un exemplo relevante é a iniciativa das Escolas Semente que acabamos de citar, pero o mesmo se podería dicir dun proxecto como Aulas Galegas, que se mantén grazas a unha rede de voluntariado nacida durante o confinamento de 2020 para atopar e difundir materiais didácticos de apoio á escolarización en lingua galega, desde os primeiros meses ata os 16 anos.

Esta mesma actitude está tamén na orixe de proxectos como Brazolinda, Alí (de Fabaloba) ou Apego. Os tres xorden da frustración de non atopar os materiais ou recursos que precisaban á hora de intentar fomentar o emprego do galego en diversos contextos da vida dos nenos e nenas. Pero foron quen de transformar ese sentimento en proactividade e lanzarse a desenvolver por si mesmos eses recursos que non atopaban.

Evidentemente, o entusiasmo que o activismo achega aos proxectos é un motor que se debe aproveitar para facelos avanzar; pero, por desgraza, os proxectos non se manteñen só desde o activismo. Para construír iniciativas ambiciosas que sexan sustentables e teñan continuidade no tempo é necesario construír equipos estables e profesionalizados, de modo que teñan capacidade de deseñalas a medio-longo prazo e de desenvovelas no tempo.

Esa realidade púxose de relevo na presentación do proxecto Apego. Alí destacouse a importancia que ten a estabilidade no tempo dos servizos lingüísticos municipais, xa que son estes os que deseñan as actuacións de forma coordinada e os que as desenvolven no seu territorio. Nese sentido, salientan que a precarización das condicións de traballo fixo que o número de concellos vinculados a Apego caese desde os 30 que chegou a haber ata os 18 actuais (unha baixada do 40%).

Como consecuencia de todo o anterior, nas distintas sesións destacouse a **escaseza de recursos** que contribúan a que a socialización familiar, escolar ou comunitaria das nenas e nenos se realice en galego. Unha escaseza que é especialmente evidente no terreo audiovisual, nun momento en que as familias están perdendo peso nun proceso de socialización cada vez máis complexo e diverso, e no que as pantallas xogan un papel crecente.

Esta ausencia de contidos en galego atractivos, variados, de calidade e facilmente accesibles en diferentes plataformas tamén é percibida polas familias, segundo o que Anik Nandi recolleu nos seus traballos e o proxecto Apego nas súas entrevistas.

Para intentar encher este baleiro xorden propostas como a Iniciativa Xabarín ou o proxecto audiovisual en que traballan neste momento en Ali.tv.

Traballar nestas condicións de precariedade fai que **a colaboración entre iniciativas, a capacidade de tecer redes se vexa como unha necesidade estratéxica**, e unha das poucas vías dispoñibles para multiplicar o alcance e o impacto das actuacións. Así, a colaboración entre iniciativas privadas, como Brazolinda, Fabaloba, Xandobela ou Migallas con centros de ensino, con administracións locais, con asociacións ou con ANPA é unha liña de traballo que cumpriría reforzar.

Neste sentido, cabe salientar o papel que poden xogar as ANPA como entidades que intermedian entre os ámbitos do ensino e o lecer. As actividades que promoven ou organizan (comedores, actividades extraescolares, redes de madrugadores, viaxes educativas...) poden converterse en focos de socialización en galego dentro dos centros escolares, cunha dinámica moito máis horizontal e comunicativa ca a que se desenvolve no horario lectivo. Pero, para iso, debería promoverse que o persoal que monitoriza esas actividades reciba formación específica que o faga consciente do seu papel de promotores da socialización en galego, e mais estimule a súa conversión en mediadores/as lingüísticos/as no lecer entre iguais.

Nesta mesma liña, xa que as iniciativas e os recursos que se promoven para o galego dificilmente van poder competir en medios materiais, visibilidade, publicidade ou espectacularidade con moitos dos que se poden atopar en castelán, as persoas participantes nas distintas sesións avogan por **traballar a partir doutros valores:**

- Apostar por produtos de calidade (nos materiais, con contidos divertidos, orixinais e interesantes para os cativos).
- Buscar o trato persoal e a proximidade coas familias, incluídos os nenos e nenas (plasmada en espazos que permiten probar os xogos, en obradoiros que facilitan a interacción directa, en entrevistas persoais como as do proxecto Apego).
- Intentar xerar unha relación de coñecemento e confianza a longo prazo.
- Achegarse desde un enfoque de positividade.

A partir de todo o escoitado e debatido nestes Encontros, como Comisión Técnica do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia, propoñemos unha serie de medidas concretas que, na nosa opinión, deberían ser tomadas en consideración de cara a fortalecer o proceso de socialización en lingua galega da nosa infancia, que neste momento está esmorecendo, segundo todos os datos apuntan:

1. Cómpre que as administracións convertan a rede escolar de titularidade pública nun axente activo de socialización en galego, regulando que o galego sexa a lingua principal do profesorado no período 0-6 anos e reimplantando programas voluntarios de ensino en galego. Xa existiron no pasado na rede pública e estanse desenvolvendo por iniciativa privada con éxito á hora de capacitar a infancia na competencia bilingüe que a lexislación di procurar.

2. Cómpre facer chegar ás familias as evidencias dispoñibles (con argumentarios como os do proxecto Apego) sobre as vantaxes cognitivas do plurilingüismo, e a realidade de que o galego só estará no repertorio plurilingüe dos falantes se se parte del como substrato sobre o que engadir os demais idiomas.

3. Cómpre apoiar os esforzos das familias galegofalantes que intentan transmitir o galego aos seus fillos e fillas, especialmente a aquelas que senten que fracasan ao non acadar ese obxectivo. Unha boa forma de facelo sería promover o fortalecemento dun proxecto coma Apego, que achega atención personalizada, estratexias, recursos e espazos de socialización en galego.

4. Cómpre promover a creación e a difusión de recursos e contidos para o lecer, tanto individual coma social, en galego; nomeadamente, todos os que teñen que ver co mundo audiovisual e coas redes sociais.

5. Cómpre apoiar e favorecer o crecemento e a viabilidade dos proxectos empresariais que traballan creando e comercializando este tipo de produtos: financiando determinadas iniciativas, fomentando a súa visibilidade social, axudando a xerar mercados, difundindo os contidos e produtos...

6. Cómpre axudar a tecer redes de colaboración e intercambio de información entre os distintos axentes (administracións, empresas, escolas, asociacións, familias...) que poden participar en proxectos que favorezan a socialización en galego da infancia, como promotores, deseñadores, difusores ou usuarios. E, por suposto, cómpre manter e fortalecer as redes xa existentes, como a estrutura de servizos lingüísticos que existen en diferentes administracións.

7. Cómpre promover a inclusión do galego como lingua vehicular das actividades de lecer organizado, especialmente das xestionadas ou financiadas polas administracións públicas. Neste sentido, é preciso incidir no rol esencial das monitoras e monitores, que son mediadores e guías, e que precisan recibir directrices sobre as súas prácticas lingüísticas e formación en xestión de linguas.

8. Dentro deste ámbito, cómpre colaborar de xeito estreito coas ANPA, para promover que desenvolvan en galego as actividades extraescolares que organizan, que poden converterse así en focos de socialización en galego no interior dos centros educativos.